





RESUMO: TRAZADOS XEOMÉTRICOS FUNDAMENTAIS NO PLANO

- **Punto:** é un elemento adimensional, marca unha posición no plano, punto **A**.
- **Recta:** é unha sucesión infinita de puntos nunha dirección, recta **m**. Rectas **secantes** son as que se cortan nun punto común. Rectas **paralelas** son as que non se cortan, manténdose á mesma distancia. Rectas **perpendiculares** son as que se cortan formando un ángulo recto (90°).
- **Segmento:** é a porción dunha recta comprendida entre dous puntos, segmento \overline{AB} . Cando nunha recta se limita un só extremo, temos unha **semirrecta**.
- **Circunferencia:** é o lugar xeométrico dos puntos do plano que equidistan dun centro. Recta **tanxente** é a que toca á circunferencia nun único punto.
- **Mediatriz:** recta perpendicular a un segmento no seu punto medio.
- **Bisectriz:** recta que divide en dúas partes iguais un ángulo.
- **Ángulo:** porción de plano limitada por dúas semirrectas (lados do ángulo) que teñen o mesmo extremo (vértice do ángulo), ángulo α . Dous ángulos son **complementarios** cando suman 90° , e son **suplementarios** cando suman 180° .



Trazado de paralelas

Trazado de perpendiculares







Cartabón: triángulo rectángulo escaleno, ángulos 90° , 60° e 30° .

Escuadro: triángulo rectángulo isósceles, ángulos 90° , 45° e 45° .

Combinando as dúas plantillas podemos construír ángulos de 75° , 105° e 135° .

Rectificación dunha semicircunferencia e dun arco

División dun segmento en partes iguais (teorema de Tales)



División dun ángulo en catro partes iguais